

A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumno para que adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

### **Currículo**

Os estudos de grao elemental constan de 4 cursos, cada un dos cales ten unha duración dun curso escolar (de setembro a xuño). En cada un destes cursos impártense 3 materias:

- Linguaxe musical: 2 clases á semana de 1 h de duración.
- Educación auditiva e vocal: 1 clase á semana de 1 h de duración.
- Instrumento: 1 clase individual á semana de 1 h de duración (cabe a posibilidade tamén de 1 clase adicional colectiva, segundo o instrumento).

A cualificación negativa en dúas ou máis materias impedirá a promoción do alumno/a ao curso superior. A cualificación negativa nunha materia permitirá a promoción ao curso seguinte.

O límite de permanencia en cada curso de grao elemental será de dous anos sen que en ningún caso os alumnos poidan permanecer máis de cinco anos no dito grao.

### **O Acceso: requisitos**

O acceso ao grao elemental será a partir dunha proba na que se avaliarán a aptitude rítmica, auditiva, vocal e a psicomotricidade do alumno. Dito acceso está limitado a rapaces de entre 8 e 14 anos cumpridos ou a cumprir no ano natural.

Para realizar a proba é necesario realizar unha inscrición do 29 de abril ao 8 de maio aportando:

- Solicitud cumprimetada online (na web: [www.conservatoriommanuelquiroga.com](http://www.conservatoriommanuelquiroga.com))
- Copia do DNI ou documento fidedigno de identidade.

A proba realizarase na segunda quincena do mes de xuño.



Os aspirantes disporán dun máximo de dúas convocatorias para acceder a este curso.

### **Matricula**

Superada a proba, e se se obtén praza, realizarase a matrícula. Para iso hai que cubrir o impreso de matrícula, aportar 2 fotos tamaño carnet e facer o pago das taxas.

### **Pago das taxas**

Pago único anual que será a suma dos seguintes conceptos:

CONCEPTO	Grao Elemental
Matricula curso completo	137,00 €
Servizos Xerais	13,00 €
Inscrición por 1ª vez	22,00 €

En anos posteriores só se pagaría o curso completo e os servizos xerais (No caso de promocionar cunha materia pendente deberán sumar o concepto de disciplina solta: 34€) Os alumnos poderán liquidar a totalidade dos prezos públicos no momento de formalizar a matrícula, ou ben fraccionar o pagamento en dous prazos.

### **Modalidades de matrícula gratuíta ou bonificada:**

- Por beneficiario de familia numerosa.
- Discapacidade (persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%)
- Vítimas de actos terroristas (así como cónxuxes e fillos).
- Vítimas de violencia de xénero (e os seus fillos).

### **Especialidades:**

- Acordeón
- Clarinete
- Clave
- Contrabaixo
- Fagote
- Fruta de bico
- Fruta travesa
- Guitarra
- Instrum. Corda Renac. Barroco
- Óboe
- Percusión
- Piano
- Saxofón
- Trombón de varas
- Trompa
- Trompeta
- Tuba
- Viola
- Viola da gamba
- Violín
- Violoncello

## XORNADAS DE PORTAS ABERTAS:

Do 20 ao 24 de abril (máis información na web)

### Se queres saber máis:

- Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanza de réxime especial de música. (DOG 25/10/2007)
- Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanza de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.

### Vínculos de interese:

Portal educativo da Xunta de Galicia:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/>

Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga

[www.conservatoriomanuelquiroga.gal](http://www.conservatoriomanuelquiroga.gal)



Conservatorio  
Profesional de Música  
Manuel Quiroga  
1863-2013

CMUS MANUEL QUIROGA  
Avda. Xoan Carlos I, 4, 36004  
Pontevedra  
Tel.: 886151545 Fax: 886151552  
cmus.pontevedra@edu.xunta.es  
www.conservatoriomanuelquiroga.gal/

## Ensinanzas de réxime especial

# Grao Elemental de Música

## Curso 2020/2021

